

En cumprimento do mandado no parágrafo a) do artigo 6 dos Estatutos da asociación, que establece como o primeiro fin de APRADOGA a defensa da “existencia dun marco laboral digno, esixindo e canalizando as reivindicacións profesionais e velando polos intereses comúns”, a asociación vén mantendo un papel moi activo no proceso de negociación colectiva que se abriu como consecuencia da denuncia que a patronal fixo do convenio en vigor no ano 2006. Esta participación activa substanciouse a través dunha dobre vía: dun lado, elaborando unha proposta seria que levar á mesa negociadora; e doutro, participando fisicamente na propia mesa negociadora mediante asociados que tiñan a condición ao mesmo tempo de sindicatos (desde aquí o noso agradecemento a tódolos asociados e demais persoas que traballaron arreo na elaboración do documento base, ós que compareceron nas sucesivas reunións da mesa, e especialmente ós sindicatos CIG e CC.OO. que acolleron e defenderon como súa a proposta que Apradoga lles achegou).

Como xa se informou nas asembleas da asociación, o proceso negociador reabriuse a finais do ano 2008 e, tras reunións de toma de contacto, quedou formalmente constituída a Mesa negociadora na reunión de 21 de decembro de 2008 que tivo lugar na sede do Consello de Relacións Laborais en Compostela. A constitución da Mesa é a mesma que a que negociou o convenio colectivo vixente e denunciado, é dicir, pola parte empresarial AITEGA (Sodinor, Área 5, Studio XXI, e Iberolusa) e pola parte sindical CIG, CC.OO., e UGT (con voz pero sen voto están na mesa UNO TV e CTV). Con posterioridade a esta reunión e xa neste ano houbo tres reunións máis da mesa negociadora en datas de 5 de febreiro, 24 de marzo e 30 de marzo, nas que as partes tras intercambiar os documentos base de negociación e ver que as posturas estaban nas antípodas (realmente non se entrou a analizar o contido dos mesmos máis alá da descualificación na súa totalidade), decidiuse suspender “sine die” o proceso de negociación colectiva.

E neste punto nos atopamos, un punto de amargo resaibo da frustración de ver como non se aprecia o esforzo da elaboración dunha proposta razoable e fundamentada, descualificada dun saque por un sector empresarial no mellor dos casos preocupado so por reducir custos no eido do capital humano, do que non vimos proposta seria ningunha e que cualificou a suba do IPC legal como “chantaxe a un proceso negociador”.